

ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2017-18

- GUÍA DE PROCEDIMENTOS -

Obxecto:

Desenvolver o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O alumnado matriculado nun centro docente que desexe cambiar a outro centro, o alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscrición cando o número de prazas dispoñibles sexa inferior á demanda, e o alumnado que solicite posto escolar por primeira vez, presentará a solicitude que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo II da orde de modificación.

Beneficiarios:

Alumnado de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bachillerato.

Requisitos:

Unha vez adxudicados os postos escolares ao alumnado que teña garantía de permanencia ou que goce de prioridade por proceder de centro adscrito, e se o número de solicitudes é superior ao de postos dispoñibles, aplicaranse os seguintes criterios para establecer unha orde de prioridade:

- a) Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro.
- b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado.

h) Ademais, para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumnado.

i) Criterios establecidos por cada centro educativo, consistentes noutras circunstancias relevantes e xustificadas, de acordo con criterios obxectivos, que deberán ser publicados coa necesaria antelación ao inicio do proceso de admisión.

Forma de presentación de solicitudes:

- *Tramitación en liña*
- *Presencial:*

Modelo de solicitudes:

Anexo I. Reserva de praza, cambio dun centro a outro ao que se estea adscrito.

Anexo II. Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos

Documentación a presentar:

O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa solicitude (Anexo II) de admisión a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Os prazos de matrícula:

Os prazos para a tramitación dos procedementos de matrícula do alumnado para o próximo curso 2017/18 son os que se indican a continuación:

Formalización de matrícula en educación infantil e primaria: 20-30 de xuño (Anexo III-1).

Formalización de matrícula en ESO e Bacharelato: 25 de xuño-10 de xullo (Anexos III-2 e III-3, respectivamente).

Prazo extraordinario de matrícula en ESO e Bacharelato: 1-10 setembro (Anexos III-2 e III-3, respectivamente).

Consultas:

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono **012** ou enviando un correo a 012@xunta.gal

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
Subdirección Xeral de Centros
San Caetano s/n
15711 Santiago de Compostela
Teléfono: 981546516

Normativa Autonómica:

- Anuncio do sorteo público anual das letras de prioridade para resolver os empates no proceso de admisión de alumnado no curso 2017-18.
- Resolución do 23 de febreiro de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 245 do 26 de decembro de 2012).
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 53 do 15 de marzo de 2013).
- Corrección de erros. Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 79 do 24 de abril de 2013).

- Orde do 25 de xaneiro de 2017, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 22 do 1 de febreiro de 2017).

Poderá acceder a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en:

<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

MÁIS INFORMACIÓN:

INSPECCION EDUCATIVA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: 981540197 e 981540198

Fax: 981540200

Email: inspeccion.santiago@edu.xunta.es

Enderezo postal:

Edificio MUPEGA
Rúa San Lázaro, 109
15771 Santiago de Compostela

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA

Teléfono: 981 55 44 00 e 981 55 44 01

Fax: 981571511

Email: dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

Enderezo postal:

Avenida Alcalde Raimundo López Pol, s/n
15706 Santiago de Compostela